

Valores Sociais e Cívicos

- Ler o texto e **reflexionar** as actividades.

Pensamos nos demais

Unha das circunstancias que máis inflúe nas nosas decisións e no mundo moral en que se envolven é o papel que desempeñan as outras persoas.

Dado que non vivimos sos, non é aceptable escoller sempre o que máis nos apetece ou o que nos convén, senón que estamos obrigados a pensar tamén nos demais. Non podemos impoñer-nos sempre sobre os demais nin abusar deles. Nin son os nosos escravos nin debemos utilizar outros seres humanos.

Imaxinemos que unha persoa naufraga e se encontra soa nunha illa. Supoñamos que decide cortar todas as plantas e tirar refugallo na única fonte de auga potable. Simplemente, pensaremos que é moi pouco intelixente. Non obstante, se hai outras persoas na illa, a súa actitude pareceranos inaceptable, posto que está sendo insolidario cos demais e estaos prexudicando.

Unha calidade moi valiosa tanto nunha sociedade coma nas persoas que a compoñen é a solidariedade, a capacidade de facer sacrificios uns por outros para conseguir beneficiar as persoas que teñen unha necesidade maior.

Os seres humanos podemos obrar dun xeito egoísta, é dicir, pensando só en nós mesmos, ou ben dun modo altruísta, tratando de axudar aos demais de xeito desinteresado.



ACTIVIDADES



- 1 En latín, *ego* significa 'a min', e *alter*, 'outro'. Explica o significado de «egoísta» e de «altruísta», e pon un exemplo de accións de cada un destes tipos.
- 2 Elixe un destes debuxos para que simbolice o egoísmo e outro para que simbolice o altruísmo.

